



Catrocentas persoas participan na quinta edición da Festa Socialista de Oroso, celebrada en Penateixa

Catrocentas persoas participaron na quinta edición da Festa Socialista de Oroso, celebrada na área recreativa de Penateixa o pasado 4 de setembro. Unha festa na que se realizou unha sentida homenaxe a Francisco de la Fuente "Polveira", Manolo Vilaseco, Juan Manuel Rico e Manolo Mirás polas súas traxectorias políticas e persoais dentro da Agru-

pación Socialista de Oroso. Catro compañeiros que son todo un referente para esta agrupación e que a día de hoxe seguen a traballar polo futuro de Oroso.

Á festa tamén asistiron destacados membros do partido socialista, así como compañeiros das agrupacións das comarcas de Ordes e Santiago.

Manuel Mirás Franqueira, candidato á Alcaldía de Oroso

“Temos unha visión clara, realista e ambiciosa de como ten que ser Oroso”

Co aval de quen non só ten os deberes feitos, senón que tamén ten claro o que vai facer no próximo futuro. Así se presenta Manuel Mirás Franqueira diante dos veciños e veciñas de

Oroso. Baixo o seu mandato, Oroso coñeceu o maior período de crecemento da súa historia, coa chegada de servizos e infraestruturas que fan deste municipio un fermoso lugar para vivir.

- Oroso viviu nos últimos tres anos o período de maior transformación e modernización da súa historia. Son innumerables os proxectos que neste mandato municipal puxeron ao municipio á altura do que merece, ¿con cal se quedaría Manuel Mirás como alcalde?

- Máis que unha actuación concreta, eu destacaría que temos unha visión clara, realista e á vez ambiciosa de como ten que ser o Oroso do futuro a medio e longo prazo. Con esa estratexia integral ben perfilada e coa capacidade de xestión que, modestamente, creo que demostramos con creces estes anos, a partir de aí o lóxico é que os proxectos avancen.

Poño un exemplo. Oroso, e en concreto Sigüeiro, están medrando a moi bo ritmo nos últimos anos. Isto

“En plena crise hai un goteo continuo de empresas que queren implantarse e crear emprego en Oroso”

é así porque no seu día nos preocupamos de aprobar un Plan Xeral racional e sostible. Grazas a el hoxe podemos comezar a ver no ensanche de Sigüeiro un novo modelo urbanístico,



Mirás asegura que Oroso vai camiño de ser o referente empresarial da comarca

humano e moderno. Tamén por iso podemos ver como unha zona degradada como o contorno do Carboeiro é hoxe un amplo espazo de uso público para o disfrute dos cidadáns ou como o municipio vai camiño de converterse no referente empresarial da comarca co desenvolvemento dos polígonos industriais. Unhas iniciativas tiran das outras e complementáanse.

- Esas iniciativas postas en marcha nos últimos anos facilitaron a loita contra a crise económica.

- Non cabe dúbida. Desde o Concello fixemos un

grande esforzo para a posta en marcha do polígono industrial de Sigüeiro no seu día. Neste mandato im-

“O ensanche de Sigüeiro é o exemplo dun novo modelo urbanístico, humano e moderno”

pulsamos tamén o polígono de Oroso Pequeno e agora estamos traballando no polígono industrial de San Martiño II. Estamos esperando que a crise amaine un pouco para crealo. En canto

este operativo, Oroso disporá duns 850.000 m² útiles de superficie industrial. Debo dicir que teño noticias bastante boas en canto a empresas que se están instalando nos nosos polígonos ou que están dispostas a facelo. Que en plena crise haxa un goteo continuo de empresas que queren implantarse en Oroso, crear emprego en Oroso e medrar desde aquí é moi importante.

- Nun concello cada vez máis xoven, iso é unha garantía de emprego.

- O emprego xuvenil é un dos principais baluartes

da política de promoción económica que aplicamos desde o Concello. Calquera pode constatar que nos últimos anos están chegando a Oroso cada vez máis xóvenes doutros lugares para traballar e para quedarse a vivir. Non é por casualidade. É porque Oroso resulta un lugar atractivo como residencia e onde desenvolver as súas carreiras profesionais. Xa hai tempo que demos por superada a condición de Sigüeiro como localidade dormitorio. É algo que ten un traslado no comercio e no hostalería locais, que están medrando, diversificándose e ofrecendo aínda máis profesionalidade.

- O crecemento da poboación xuvenil é tamén un

“O emprego xuvenil é un baluarte da nosa política económica”

dos locais que quedan baleiros no consultorio vello ímolos dedicar a que a xuventude teña alí un lugar máis para as súas actividades. E agora que temos un concello máis saneado imos poñer en marcha máis propostas. Para empezar, estamos planificando a primeira Festa da Xuventude de Oroso.

Desde o goberno temos sempre a man tendida a coñecer as inquedanzas de cada sector da poboación, para así orientar mellor as nosas iniciativas. Por iso, se gaño as próximas eleccións crearei unha Concellería dedicada en exclusiva

á xuventude, única e enteira á súa disposición.

- Nuns meses abrirá

“Puxemos a Oroso na vangarda da atención primaria e resolvemos a atención para as dúas próximas décadas”

o novo centro de saúde. ¿Que cambios suporá para os veciños?

- Será un cambio radical. Hai tempo que o antigo centro quedara obsoleto e se non houbo un colapso

total nel foi pola axilidade do Concello ao trasladar a atención pediátrica a un baixo que nós mesmos acondicionamos. Agora, en poucos meses teremos un edificio completamente novo, con 1.700 m2 para 8 consultas de medicina xeral, 7 de enfermería, unha matrona, dúas consultas pediátricas, unha sala de enfermería pediátrica, unha sala de educación maternal... En resumo, pasamos da noite ao día. Poñemos a Oroso na vangarda da atención primaria e resolvemos a situación para polo menos as dúas próximas décadas.

“Se gaño as próximas eleccións municipais crearei una Concellería dedicada en exclusiva á xuventude”

reto para os servizos prestados desde o Concello...

- Neste sentido temos dado pasos de xigante. Cando eu cheguei ao Concello non é só que non houbera actividades para os mozos, é que nin sequera había un sitio onde facelas. Coa apertura das pistas deportivas, a modernización dos campos de fútbol, a reforma do polideportivo, a posta en funcionamento do centro cultural ou a creación do novo centro deportivo ese é hoxe un reto ao que lle demos cumprida resposta.

Pero non nos imos deter aquí. Unha vez que se produza o traslado ao novo centro de saúde, boa parte



“Oroso dará un salto cualitativo co enlace sur da AP-9”

- Tras moitas xestións, por fin Oroso terá o desexado acceso sur na AP-9.

- Estou moi satisfeito, aínda que a satisfacción será plena cando estea rematada. Aí culminaremos anos de reivindicacións nas que tivemos que poñer toda a carne no asador. É unha petición xusta porque a N-550 non pode seguir soportando 31.000 vehículos diarios, o 13% pesados, e nos permitirá aproveitar mellor a nosa situación estratéxica. Xa estabamos a 25 minutos da Coruña e agora, cunha comunicación directa cara o sur de Galicia, favorecemos a competitividade das empresas que se instalen aquí. Non foron unhas negociacións sinxelas, pero obtivemos un bo resultado grazas ao peso político do meu goberno, que concienciou á concesionaria da AP-9 e a Fomento de que se trata dunha infraestrutura moi necesaria para Oroso e para toda a comarca.

Non todo vale en política



Nin as mentiras nin as manipulacións, nin o cinismo non... "NON TODO VALE". Nin tampouco a frase típica: "O FIN XUSTIFICA OS MEDIOS". O dereito á crítica forma parte da liberdade de expresión, pero faltar a verdade non.

Isto é algo que vén sucedendo na política municipal do noso concello nos últimos tempos con denuncias infundadas, con anónimos repugnantes sobre a persoa do noso alcalde e da súa familia, que nada ten que ver coa política nin co concello. Alcalde, dito sexa de paso, elixido democraticamente nas urnas pola maioría de cidadáns de Oroso. Con este tipo de actitudes tamén se está faltando ao respecto a todos eses votantes. E creo que iso é sobrepassar os límites establecidos e as "reglas do xogo".

Os cidadáns merecen que os políticos estean pendentes das súas necesidades e problemas, e que lles dean solucións, non de súas "cuitas persoais". Somos os

proprios políticos quen temos que dar exemplo coa nosa actitude e moralidade para que os cidadáns recuperen a ilusión pola política. Ilusión que ás veces se perde.

En política decídense moitas cousas que despois van ter influencia nas nosas vidas. Polo tanto, non podemos pasar da política. Invitámosvos a todos a volver á política do debate, olvidada nos últimos tempos no noso concello. Do debate ben entendido. Un debate non se trata de convencer ao outro ou á audiencia que o contempla, senón de suscitar dúbidas para poder así entre todos chegar ao fondo das cousas e dar solucións. En definitiva, propoñer unha sociedade democrática disposta para o debate e non para o combate.

Esta é a política que vimos facendo os socialistas de Oroso, á cal espero que todo o mundo se sume. En definitiva, "NON TODO VALE EN POLITICA"

Luis Rey
Secretario Xeral

Xogo sucio

A un ano das eleccións municipais xa hai quen puxo en marcha o seu xogo sucio. Dicimos isto porque no mes de maio o PSOE de Oroso recibe unha carta anónima onde se acusa, entre outros, ao noso Alcalde, Manolo Mirás, con mentiras e inxurias contra a súa persoa.

Esta é a única baza que saben usar algunhas persoas para intentar desprestixiar, neste caso ao noso Alcalde; cando en realidade en política, para gañar, o que se debe facer é plantexar novas propostas e buscar medios para posteriormente poder executalas. Así, dende a Agrupación do Concello de Oroso queremos denunciar este tipo de prácticas e retomar a política na súa esencia, como o que é: a arte do posible.

Non desprestixiemos á política e aos políticos. Fagamos uso dela con novas propostas e proxectos que fagan desta actividade, e do noso pobo, un obxectivo a mellorar.



Vanessa Reboredo
Secretaria de Muller e Xuventude



Contamos contigo!!!

Despois de tres anos de lexislatura e de intentar cumprir o programa electoral das eleccións do 2007 (do que xa levamos executado máis dun 70%), queremos poñer á túa disposición diversas canles de comunicación para que nos

fas chegar as túas inxerencias e propostas. Para seguir mellorando o noso pobo e a nosa calidade de vida.

Así, animámoste a que, como veciño e veciña de Oroso, xa sexas estudante,

traballador, pensionista... e pensando no noso futuro, ben por mail, teléfono ou carta nos achegues as túas propostas de cara ás eleccións do vindeiro ano. Xuntos faremos un pobo máis digno e cuns servizos de calidade.

Anímate, contamos coa túa colaboración!!!

www.oroso.psdeg-psoe.org // oroso@psdeg-psoe.es

Camiño Real, nº 11. 1º D. Sigüeiro